



Concello de Vigo

Laboratorio

EXPEDIENTE : 2758 / 313 .

SOLICITANTE: Concello De Vigo Laboratorio

SITUACIÓN: .

TIPO EXPTE: CONTRATO MAIOR SUMINISTROS

DOMICILIO: Praza Do Rei S/N, C.P. 36202

INFORME:

Examinada a documentación Técnica presentada por Perkin Elmer España, s.l., única oferta admitida pola mesa de contratación para a contratación do suministro dun equipo de espectrofotometría de absorción atómica, por procedemento negociado con publicidade, compre sinalar que as materias obxecto da adxudicación que figuran nas bases técnicas son as seguintes:

- Melloras técnicas.
- Estudio de costes de mantemento.

1.- En canto as melloras técnicas, o equipo ben equipado con atomizador de chama, cámara de grafito e xenerador de hidruros, tal como se especificaba nas características técnicas que figuran inicialmente no expediente. Inclúe algunhas melloras a nivel de software que permiten facilitar o traballo do laboratorio, como son a posibilidade de medir secuencialmente varios metais, aínda que se empreguen métodos diferentes, e o feito de que o mostreador automático funcione como diluidor automático.

A maiores, a o tratarse de un equipo do mesmo fabricante que o equipo do laboratorio que vai a substituír, conta coa ventaxa de poder empregar as mesmas lámparas das que xa dispón o laboratorio. Por todo isto otorgámoslle unha puntuación de 20 puntos.

2.- No referente o mantemento, consideramos favorable o feito de que dispoñan de mantemento preventivo e/o correctivo post venta, con resposta de intervención entre 48-72 horas, así como a disposición de pezas orixinais durante os oito anos posteriores ao remate do prazo de garantía. Os custos do mantemento entendemos son axeitados, polo que a este respecto, estimamos unha puntuación de 8 puntos.

Vigo, 15/12/2010

A Directora do Laboratorio Municipal,

Asdo.: Dolores Bernárdez Fernández